

# R G T

Revista Galega de Teatro Outono 2005 Número 44

**TEXTOS / N° 41**



P. Murrieta

***“A ILLA AMARELA”***

de

**Paloma Pedrero**

Traducción e Dramaturxia

**Ánxeles Cuña Bóveda**

# Paloma Pedrero

## BIOGRAFÍA

É actriz, directora e autora teatral. Licenciada en Antropoloxía Social pola Universidade Complutense de Madrid.

Publicou e estreou unha vintena de obras de teatro. Entre outras: *La Llamada de Lauren*, *Resguardo Personal*, *El Color de Agosto*, *Besos de lobo*, *Las Fresas Mágicas*, *Invierno de luna Alegre*, *Noches de amor efímero*, *La isla amarilla*, *Aliento de equilibrista*, *Locas de Amar*, *Una Estrella*, *Cachorros de negro mirar*, *En el túnel un pájaro...*

As súas obras foron traducidas ao inglés, francés, portugués, catalán, euskera, polaco, eslovaco, checo, alemán e italiano... E foron representadas en: Francia, Portugal, Gran Bretaña, Estados Unidos, Italia, República Checa, Brasil, Argentina, Chile, Cuba, Puerto Rico, México, Costa Rica, Ghana...

Recibiu diversos premios, entre eles o Tirso de Molina e o da Crítica do Festival Internacional de Roma de autores contemporáneos "Actores en busca de Autor".

Colabora en xornais sendo columnista semanal en La Razón.

Imparte clases de Interpretación e Escritura teatral.

As súas obras están incluídas nas máis importantes antoloxías españolas, europeas e norteamericanas e son das máis estudias internacionalmente.

## INTRODUCCIÓN

A finais dos anos 70, sendo eu estudante de Antropoloxía na Universidade Complutense de Madrid, lin por primeira vez a tradución dos discursos de Tuiavii, Xefe de Tiavea, unha pequena illa do Pacífico sur. Estas reflexións sobre a forma de vivir en Occidente escribíraas Tuiavii ao redor dos anos 20 e estaban dirixidas á súa aldea nun afán de a protexer dese "demo mouro" que o autor presentiu na súa viaxe por diversos países de Europa.

Non sabía Tuiavii por aquel entón que certos gobernos europeos utilizarían as belas illas polinesias para realizar perigosas probas nucleares. Non imaxinaba tampouco que un volcán puidese servir ao "home branco" para experimentar con cargas de destrución inconmensurábeis.

O antropólogo Alemán Erich Scheurmann, amigo do de Tiavea, escoitou por boca do propio Tuiavii a lectura en privado dos seus escritos en lingua nativa e, impresionado pola súa sabedoría sinxela, pediulle permiso para os traducir. Na miña opinión un grande acerto xa que estas reflexiónes do xefe samoano sobre a nosa cultura e modos de vida son un auténtico tesouro. A luz dunha ollada tan allea ao noso invento que nolo desvela na súa pureza, sumíndonos nun especie de divertida e patética perplexidade.

No ano 87 volví a ler con gozo as reflexións do indíxena. Entón xa me dedicaba a escribir teatro e pensei axiña no escenario. O problema era como transformar en acción teatral o discurso, antítese da mesma. Ocorrúseme reducir ao máximo a parte narrativa exemplificando en pequenos cadros teatrais toda a filosofía tuiaviana, chea de sentido e oportunidade. Escollín, claro, os aspectos que máis me interesaban dos discursos e descartei, sobre todo, aqueles que tiñan que ver coa moral e a relixión. Tentei, así mesmo, plasmar no espello algúns dos nosos hábitos e costumes civilizadas da forma mais neutral posíbel, procurando non facer xuízos de valor rotundos nin directos. Xoguei a realizar un exercicio de distanciamento coa miña propia cultura para así poder observala con estrañeza, buscando ollada cos ollos daquel que olla algo por vez primeira. Difícil exercicio, en efecto. Como difícil me resultou utilizar un linguaxe naif, próximo á idea do que sería unha linguaxe primitiva, sen dúbida algunha moito mais rica que o que eu puidese imaxinar.

Como contrapunto ao carácter narrativo-poético de Kuavi, o meu xefe da tribo en "La Isla Amarilla", busquei que os personaxes representados polos mozos apenas se expresasen a través das palabras. Creando, máis que un texto dramático no sentido estrito, o marco para a improvisación teatral de intérpretes creadores.

É pois "La Isla Amarilla" non tanto un texto pechado como o guión para un espectáculo mais cobizoso. Algunhas das cenas están apenas esbozadas, outras esperan aínda a pertinente inspiración dos ensaios en grupo. Certamente, sempre pensei que habería de ser unha compañía ou grupo estábel, coas moitas vantaxes que supón o manexar un código común, o que puxese en escena esta historia con todas as súas posibilidades. Creio que non son necesarias moitas palabras máis. Si accións, acenos, movementos inesperados, momentos, imaxes... Todas aquelas maravillosas ocorrencias que só desde dentro do personaxe e do escenario poden facer vivir un espectáculo deste tipo. Paréceme, tamén, que crear unha illa orixinaria pode ser divertido e revelador. E que atopar o ser primitivo que levamos dentro pode conducirnos a un mellor coñecemento de nós mesmos. Alomenos así me ocorreu a min mentres escribía.

A estrañeza, a simplicidade, desvelan todo aquilo que a ciencia non consegue explicar. O progreso cego separounos do pasado e do presente. Vivir ameazados é vivir no porvir, que é vivir na mente. O mal chamado salvaxe, como o bo actor mentres actúa, líbranse desa agonía. Se ademais conseguimos rirnos un pouco de nós mesmos, e transmitírllo á tribo, a viaxe pola viaxe pagará a pena.

*A Illa Amarela de Paloma Pedrero foi estreada pola Compañía Sarabela no Barco de Valdehorras o 30 de outubro de 2001 co seguinte:*

### **REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO:**

**Tito Asorey:** Asur; Xoven no pub; Loitador; Locutor; Home do xornal; Chulo; Pensador.

**Fina Calleja:** Nazin; Xoven no pub; Puta; Amiga 2; Papalagui; Muller do ascensor; Narradora.

**Fernando Dacosta:** Kuavi; Intelectual.

**Sabela Gago:** Kalita; Xoven no pub; Narradora; Papalagui; Turista.

**Elena Seijo:** Nei; Xoven no pub; Muller policía; Sra. Maruxa; Amiga; Papalagui.

**Escenografía e Luz:** Suso Días.

**Vestuario:** Carlos Rodríguez.

**Son:** Arturo González.

**Distribución:** Fina Calleja.

**Técnico de escena:** Suso Días.

**Traducción, Dramaturxia e Dirección:** Anxeles Cuña Bóveda.

**KUAVI.-** ¡Boa noite para todos vós, fillos e fillas do sol!

¡Grande noite! Como sabedes convoqueivos aquí para falarvos da nosa viaxe por ese engaiolante mundo que os seus habitantes, os papalaguis, chaman civilizado. Civilizado significa algo así como... moi feito. Ou, mellor dito, moi tocado polas mans do home nese increíble mundo. Dende que volvíñ non fixen máis que matinar sobre como contarvos o que viron os meus ollos alí. Como ben sabedes, os papalaguis, habitantes dese mundo, queren chegar á nosa illa coas súas ás de lume e agasallarnos cos seus “productos” e a súa intelixencia. Prometéronme moitos bens para trocar polo metal amarelo e os fermosos lugares que a nosa illa ten. Pois ben, quero que sexades vós, miña benquerida tribo, os que decidades se habemos compartir con eles o noso pan e a nosa froita.

*(Chegan con moito bulizo catro mozos indíxenas, tres mozas e un mozo, portando un baúl grande e unha morea de caixas, Kalita, unha das mulleres, vai vestida á europea nunha caricatura ben acadada.)*

**KUAVI.-** Xa están aquí os meus compañeiros de viaxe... *(Os mozos saúdan ó xefe e á tribo)*. Con Nei, Asur, Nazín e Kalita e coas nosas lembranzas, tentarei explicarvos como son e como viven os papalaguis.

*(Kalita adiántase leda)*

**KUAVI.-** Kalita vai vestida dunha maneira civilizada. O corpo do papalagui vai enteiramente cuberto de taparrabos, esteiras e pelexos de animais. Para eles o corpo e todos os seus membros son carne, e é dende o pescozo onde comeza a verdadeira persoa. Por iso están sempre teimando sobre como cubrir a súa carne para que pareza rechamante e fermosa.

*(Kalita comeza unha especie de estripte naif).*

**KUAVI.-** Esta especie de dorna pequena chámase zapato. Está feito de grosos pelexos de animal postos en remollo, espelcados con navalla, mallados e pendurados ao sol o tempo de endurecer e curar. Na parte traseira adoitan levar un anaco de madeira que no caso das mulleres é ás veces fino, longo e remata en punta...

*(Kalita camiña con dificultade).*

**KUAVI.-** Camiñando con eles moitos días conséguese manter o equilibrio...

*(Kalita guinda os zapatos e sobe lixeiramente a saia).*

*(Nei colle os zapatos, ponos e camiña encantada con eles)*

**KUAVI.-** Nas pernas leva unha finísima pel transparente que tan só se nota ao tocala coas mans, e que racha doadamente. Vai atada ás coxas cunha corda tensa e apertada...

*(Kalita baixa as ligas, caen as medias que quita aliviada).*

**KUAVI.-** O taparrabos superior é colorido e xeitoso. As partes están unidas por cunchas e cordas feitas con zume seco de árbore de caucho. (*Kalita vai desabotoando o vestido*). Deste tipo de taparrabos acostuman ter varios que se poñen segundo a ocasión: escintilantes para as festas, opacos para o traballo, sen adobíos para estar dentro da choza...

(*Kalita quita o traxe. Debaixo leva unha faixa de corpo enteiro*).

**KUAVI.-** Este primeiro taparrabos interior ten o nome de faixa e emprégano as mulleres de carnes abondosas. A súa función é apretárllelas o máis posible para que non se lles noten. (*Fai un aceno de extrañeza*). É de pel elástica (*Kalita estira a faixa entre divertida e abraia-da*) e adoita ir pechada a presión por moitísimas cunchiñas difíciles de manexar. (*Kalita loita denodadamente coas fibelas*). Esta pel parécese a min que ten algo de castigo contra as papalagfuis insaciabes coa comida...

(*Kalita desfaise da faixa e frega as marcas. Debaixo leva un puntilloso conxunto de roupa interior*).

**KUAVI.-** Este último taparrabos interior componse de dúas pezas independentes. A parte de arriba chámase teteiro, porque sostén os seos. Aos papalaguis non lles gustan os seos ao seu ser e tentan mantelos sempre tesos.... Como andan sempre tapados, os papalaguis arden en desexos de ver as súas carnes: o que é moi natural. Como se o que é fermoso e natural fose un grande pecado e só puidese ser apreciado nos sitios máis escuros. Se eles deixasen ver abertamente as súas carnes, xa serían capaces de pensar noutras cousas.

## TORTILLA FRANCESA

**KUAVI.-** Os papalaguis pensan que eles poden mellorar a creación da natureza e ser así máis felices. Desexan facernos crer que somos pobres e miserables e que necesitamos de moita axuda e piedade porque non posuímos “cousas”. Para min que é sinal de pobreza precisar tantas cousas..

**ASUR.-** Un coco é unha cousa.

**NEI.-** Unha cuncha é unha cousa.

**NAZIN.-** Unha pedra é unha cousa.

**KUAVI.-** Por iso, non fan máis que producir a mancheas “cousas” dende o amencer ata o solpor.

(*Os mozos comezan a facer “cousas” do baúl (unha tv, unha radio, unha batedora, flo-reiros, reloxos, cadros, etc.) mentres Kuavi vai dicindo:*)

**KUAVI.-**As súas mans arden, as súas costas eslómbanse, pero aínda brincan de ledicia cando triunfan facendo unha nova “cousa” e todo o mundo quere posuíla, Os papalaguis están obcecados coas súas “cousas”. Convéncense a si mesmos de que non poden vivir sen cousas, do mesmo modo que non se pode vivir sen comer.

**NEI.-** (*Amosando o ovo*). Aquí teño un ovo. (*Fai un buratiño e cómeo*) Um..., comín o ovo. Estaba bó e fresco.

**KUAVI.-** Os papalaguis collerían o ovo...

**NEI.-** Outro ovo.

**NAZIN.-** Isto é un recipiente chan. (*Amosa un prato*)

**ASUR.-** Isto é un revolve-ovos. (*Ri*).

*(Mentres, van executando as accións de xeito esaxerado)*

**NEI.-** Isto é un ovo moi remexido posto nun recipiente chan.

**ASUR.-** Isto é sal mariña. (*Bótaa*).

**NAZIN.-** Isto é unha máquina para facer lumes pequenos.

**KALITA.-** Recipiente escuro resistente ao lume. Tixola.

**NEI.-** Graxa do froito da oliveira.

**KALITA.-** Isto é un... un... (*Non lembra e outro dillo ó ouvido*) ¡máxicoclik! (*Manipúlao*) ¡Faíscas! (*Prende a cociña*) ¡Lume!

**NEI.-** Colócase o recipiente escuro enriba da máquina de lumes pequenos. Espérase.

*(Os catro pasean dun lado ó outro estremando os movementos).*

**NAZIN.-** ¡Graxa no seu punto!

**KALITA.-** Bótase o ovo remexido no recipiente escuro e resistente ao lume.

**NAZIN.-** Cóllese un pao longo e con buratos (*Escumadeira*).

**KALITA.-** Vírase o ovo.

**ASUR.-** Prepárase outro recipiente...

**KALITA.-** Cando o ovo está completamente pregado bótase ao novo recipiente.

*(Ensinan a tortilla).*

**NAZIN.-** Isto xa non é un ovo. ¡É unha tortilla! Os papalaguis teñen moitos tipos de tortillas: tortilla francesa, tortilla de patacas, tortilla de xamón, tortilla de queixo, tortilla con nata...

*(Os mozos mandan calar a Nazin e seguen coas accións cada vez a máis velocidade).*

**NEI.-** Pel fina e grande. (Mantel).

**KALITA.-** Recipientes chans para todos...

**ASUR.-** Pincha-alimentos...

**NAZIN.-** Peles finas pequenas...

**NEI.-** Recipientes cristalinos e pequenos para a auga...

**KALITA.-** Recipiente de vidro grande para a auga común...

**ASUR.-** ¡AUGA!

*(Reparten a tortilla e cómena nun intre).*

**TODOS.-** Moi boa a tortilla, rica e saborosa.

*(Desaforados).*

**NEI.-** Recipiente enorme con moita auga...

**KALITA.-** Ungüento escumoso e oloroso...

**NAZIN.-** Pel pequena, ruda e áspera... Vasoira.

**ASUR.-** Pao con pelos tesos... *(Varre).*

**NEI.-** Pao con pelos brandos... *(Pasa a fregona).*

**KALITA.-** Ordénase todo, colócase todo...

*(Limpan e ordenan ata que caen ó chan extenuados).*

**KUAVI.-** Isto é un exemplo do que son as “cousas”. Oín a un Branco que coñece ben a nosa terra dicir: “¡Temos que levarlos a ter necesidade de cousas. Só entón gañarán gusto polo traballo!” Propuña que empregasemos a forza das nosas mans para facer cousas para nós, e claro, por riba de todo, cousas para eles. Temos que ter coidado e permanecer vixiantes, pois as súas palabras parecen bananas doces, mais están cheas de dardos ocultos. Os papalaguis gardan todas as cousas nas súas chozas. Pero as súas chozas nas súas cidades non son como as nosas. Son coma caixas xigantes de pedra e están cheas de buratos de arriba a abaixo. En cada grande caixa desas viven moitas familias diferentes que case non se coñecen unhas a outras e cando se atopan no burato polo que pasan todos a furto, saúdanse máis ou menos así:

## O ASCENSOR

*(Na porta Nazin sae e Asur entra).*

**NAZIN.-** *(Gruñe)* Mmmm...

**ASUR.-** *(Contesta)* Mmmm...

**KUAVI.-** Para subir ás zonas altas das súas cabañas de pedra, os papalaguis inventaron un sistema para non ter que agatuñar: consiste nun caixón suxeito por grosas e resistentes cordas das que turra unha “máquina forte”. Neste caixón é onde máis se relacionan os membros das diferentes familias...

*(No ascensor:)*

*(Nazin e Asur non saben que dicir nin onde ollar móvense dun xeito estraño).*

**NAZIN.-** Que calor...

**ASUR.-** Tremendo...

**NAZIN.-** Parece que hai nubes...

**ASUR.-** Si, iso parece...

**NAZIN.-** Parece que vai chover...

**ASUR.-** *(Algo nervioso).* Seguro.

**NAZIN.-** O tempo está tolo...

**ASUR.-** *(Abafado).* ¡Tolo de remate!



**KUAVI.-** Neste lugar adoitan lembrar moito á natureza: o sol, a choiva, os ventos...

**NAZIN.-** ¡Con esta calor non hai quen viva!

**ASUR.-** ¡Non sabe un que taparrabos poñer!

**NAZIN.-** Un día atereces e ao día seguinte abafas. É arrepiante.

**ASUR.-** ¡Espantoso!

**NAZIN.-** ¡Eu estou a piques de estoupar! ¡Estoupar! ¡Estoupar! (*Comeza a bater na cabeza fóra de sí*).

**ASUR.-** (*Ó cabo dun tempo de indiferencia dalle un toque no ombreiro*). Oia, chegamos ao burato vintecinco, o seu burato.

**NAZIN.-** ¡Ah! Ah, si, gracias. (*Recuperando a formalidade*). Boa tarde.

**KUAVI.-** O papalagui vive como o mexilón de mar, dentro dunha cuncha dura. Cada choza está dividida en pequenas estancias por paredes de pedra. Chámanse cuartos e cada cuarto ten unha función diferente. Nuns están as esteiras para durmir, noutro gárdase e cocíñase o alimento... Hai un cuarto moi especial e fermoso: nas paredes hai pendurados espellos que devolven a túa imaxe, o chan está decorado con pedras lisas e rechamantes, e no centro érguese un enorme recipiente de rocha branca. Neste recipiente métese o papalagui para lavar o seu corpo de toda a poeira. Hai algo máis neste cuarto que vos custará entender: é unha especie de trono cun grande burato no medio, onde os papalaguis expulsan os seus excrementos. Si, sei que isto é difícil de comprender para vós. Pero entendede, meus fillos do sol, que os papalaguis que viven nestas chozas das fendas, rara vez ven unha rocha ou un prado... e non poderían de ningún xeito, aturar as necesidades ata chegar ao campo. Pero non vos alarmedes; o burato do trono é longo, interminable... E chega ata o fondo da terra, ata os ríos e ata o mar...

**NEI.-** O que si gardan son os mocos. Eu vino.

**KUAVI.-** É incompreensible, pero certo.

**NEI.-** ¿Explícollo? (*Kuavi asente*). Sacan unha pel pequena e suave, ábrena, apoian nela o nariz, apértano cos dedos e sopran con forza. Despois miran os mocos bastante interesados, dobran a pel suave e... ¡Gardan os mocos no taparrabos e lévanos á súa choza!

**KUAVI.-** Esas xigantescas chozas de pedra érguense e amoréanse unhas preto das outras. Aquí unha ringleira, detrás outra ringleira, detrás outra. Entre unha ringleira e outra hai soamente unha fenda estreita que os papalaguis chaman rúa. Ás veces estas fendas son tan longas coma ríos e están cubertas de duras pedras machucadas. No cumio das caixas o ceo está máis preto do home. Tamén existen aldeas verdadeiras onde viven xentes dotadas de natu-

reza diferente da dos habitantes das gretas. Chámanlles campesiños; aínda que a súa vida é máis saudables, cústalles moito abastecer de alimentos aos homes das gretas e nunca perciben realmente por que os homes das gretas cren que teñen dereitos superiores aos do campo. Hai moitas cidades, grandes e pequenas sen sol, sen luz e sen vento, xa que o ceo está sempre cheo de fumes e cinzas. Porque os papalaguis botan fume por xalundes. Circulan polas fendas nas “máquinas” veloces que botan fume, as chozas polos tellados botan fume, as fábricas de “cousas” botan fume, Por iso a xente ten feluxe negro nos ollos e no pelo, e area nos dentes. Por iso os papalaguis respiran con dificultade. Entón ocorréuselles construír campos dentro das cidades. Alí, de cando en vez, pasan un día de pequeno contacto coa natureza. Despois, pola noite, volven á cidade. Os máis novos cambian de taparrabos na choza e van troulear ás fendas do bulizo, ás chozas do kawa e a música.

*(No pub)*

*(Semiescuridade, berros, música a todo volume. Os personaxes miran cara todos os recunchos con avidez. Beben, fuman, esnifan..., desafortadamente. De cando en vez algún ri a gargalladas por nada, outro chora por nada).*

**KUAVI.-** *(Falando con esforzo por riba do ruído).* Nestes lugares a xente divírtese moito. Algúns namoran doutros e pola noite comparten a esteira. Outros beben ata máis non poder. Algúns amosan os seus bonitos taparrabos...

*(Os personaxes seguen accionando inmutables. De súpeto para a música. Xorde un grave desconcerto. Os personaxes emiten sons coma se probasen a voz. Miranse, non saben que dicirse, tensión, terror. Deixan diñeiro enriba das mesas e saen fuxindo).*

## O DIÑEIRO

**KUAVI.-** Esa especie de papel forte ou metal redondo que vistes depositar sobre a mesa, é o máis prezado, dececido e adorado no mundo dos papalaguis.. Porque no seu mundo non se pode facer nada sen diñeiro.

Os papalaguis obteñen cartos de todas as maneiras posibles. Facer o amor por diñeiro é unha forma triste e difícil de conseguilo. Vese mal e soamente o fan as mulleres papalaguis desesperadas e moi pobres en papel forte.

## A PUTA

*(Unha muller papalagui prostitúese na rúa. É nova e belida. Kuavi achégase a ela, engaiolado).*

**PUTA.-** Cinco mil e a cama ¿Está ben?

**KUAVI.-** *(Sorprendido)* Si, estou moi ben, ¿e ti?

**PUTA.-** ¿Eu que?

**KUAVI.-** Gústame a cor da túa pel e a túa boca vermella como a fresa. ¿Podo tocar os teus beizos cos meus dedos?

**PUTA.-** ¿Ti de que vas, tío? ¿Es poeta?

**KUAVI.-** Oh, non, son da Illa Amarela. Está moi lonxe de aquí...

**PUTA.-** Ah, xa. Es un guiri exótico...¿Non?

**KUAVI.-** Chámome Kuavi, ¿e ti?

**PUTA.-** Xela.

**KUAVI.-** ¡Xela...! O teu nome é tan fermoso coma ti.

**PUTA.-** Non fodas.

**KUAVI.-** *(Pensa).* ¿Foder...? ¿Foder...? Oh, non, non quero foder, tan só quero mirarte.

**PUTA.-** Pois mira de lonxe que me espantas aos clientes.

**KUAVI.-** Non entendo.

**PUTA.-** Que estou traballando, farfallán. ¿Tes cartos ou non? Marcos, dólares, pesetas, euros... Acepto calquera moeda. *(Kuavi pon cara de non entender. Xela tócalle os petos. Ó ver que non hai nada di:)* Bah, Bah...

**PUTA.-** ¿Que fas?

**KUAVI.-** Imítote. Non sei como vos agrada o amor ás mulleres papalaguis.

**PUTA.-** ¡Vaia tolo...! Ou liscas ou berro! ¡Vaite! ¡Fóra!

*(Aparece o chulo)*

**CHULO.-** ¿Que pasa, Xela?

**PUTA.-** Nada, un tolo. Vai de ovella.

**CHULO.-** ¿Ten algún problema, amigo?

**KUAVI.-** *(Amable)*. Oh, non. Disimule, amigo, eu non sabía...

**CHULO.-** Pois andando...

**KUAVI.-** Amigo, aleda o seu corazón, ten unha muller fermosa coma unha flor. *(Apértalos)*. Felicidade para os dous. Fillos fortes e con saúde. Adeus, adeus...

*(A puta e o chulo míranse con perplexidade)*.

**CHULO.-** Un tipo simpático.

*(A puta suspira)*.

**KALITA.-** Hai moitos xeitos de obter diñeiro, Os papalaguis piden diñeiro por todo e pagan diñeiro por todo. Para gañalo executan unha acción chamada “traballo”. Cortar o pelo, levar unha canoa pola auga, criar animais son traballos e ata cando teñen un grande pensamento chámanlle traballo. Moitos papalaguis cobran papel forte polo feito de pensar. Hai outros que cobran por opinar sobre o pensamento dos demais, Isto tamén é moi complicado, porque non toda a xente que ten moitos cartos traballa moito, nin todos os que traballan moito teñen grandes cantidades de diñeiro, Como volo explicaría eu...

## A FÁBRICA

**KALITA.-** Un home constrúe botes. Cando ten suficiente diñeiro para a súa comida, a súa choza e a súa esteira, e un pouco para aforrar, deixa a outro home traballar con el. Iso si, deixaralle o traballo máis ruín e que lle ensuxa as mans. Do diñeiro que gaña co traballo do outro home dalle un pouco a el e garda a maior parte na súa caixa. Así que pode busca a outro home para traballar por el, e máis tarde a un terceiro. Cada vez máis e máis homes estarán construíndo botes para el. Pode tamén chegar a ter máis homes que todo o noso pobo xunto. Ata que chega o momento no que el xa non fai máis que deitarse na súa esteira, beber kawa e queimar canas fumeantes. Despois vende os botes cando están preparados e recibe o papel forte que os outros gañaron por el. *(O personaxe conta o diñeiro e dalles algo ós outros)*. Entón a xente di que é rico e todo o mundo lle ten envexa, dálle golpiños nas costas, fálalle de xeito amistoso... Xeralmente hai un rico por unha morea de pobres.

O rico, entón, garda o diñeiro nun sitio chamado “banco” onde xa o diñeiro fai o traballo por si mesmo.

**NEI.-** Eles teñen un... (*Ri*) refrán, para explicar iso. Din: “Diñeiro chama a diñeiro”.

**KALITA.-**Abofé. ¿Como pode ser unha cousa así sen feitizos?

**NEI.-** Cando lles estenden unha peza de metal redondo e brillante ou un papel grande e forte, os seus ollos escintilean e a baballa lle asoma polos beizos. O diñeiro é obxecto do seu amor, é a súa divindade.

**NAZIN.-** Hai moitos que polo diñeiro sacrifican o riso, a honra, a conciencia, a felicidade, a saúde e ata aos seus seres máis queridos.

**ASUR.-** Se non tes diñeiro, non podes matar a fame nin mitigar a sede. Tes que pagar por todo. Ata para nacer e morrer precisas cartos.

**NEI.-** (*Vestíndose como Lisa Minelli en “Cabaret”*).Un papalagui que posúa moito diñeiro non reparte nada cos seus irmáns. E cando lle preguntan. “Que tes intención de facer con todo ese diñeiro? ¿Non podes facer nesta terra máis que vestirte, matar a fame e mitigar a sede!” Entón di: “¿Teño intención de gañar máis diñeiro, gañar sempre máis e máis aínda!” Non pode pensar noutra cousa, ponse doente e é incapaz de dicir. “quero irme deste mundo como viñen, sen dar motivo a queixas, sen facer mal”. Hai quen pensa así, pero son raros. Fican inchados de orgullo, como froitos podres. Teñen o corazón duro e o sangue frío.

## NO RING

**NAZIN.-** Todos os papalaguis teñen unha profesión. É difícil explicar o que significa...É calquera cousa que unha persoa deba ter vontade de facer, pero raramente ten. Ter unha profesión é facer sempre as mesmas cousas. Se as miñas mans non fixeran outra cousa que tecer esteiras, a miña profesión sería tecedora de esteiras. Entón ocorre que a persoa que é quen de escribir fantásticas cancións, non é necesariamente quen de navegar en canoa, nin de colleitar a froita, nin de lavar os utensilios da comida. E o que navega moi ben en canoa seguramente non será quen de escribir unha canción. Moitao antes das tatuaxes da puberdade, os rapaces e as rapazas brancos son obrigados a decidir o traballo que irán facer paro o resto da vida. Chámase a isto escoller unha profesión. Teñen os papalaguis tantas profesións coma pedras hai na lagoa Eles transforman todo o que o home é quen de facer en profesións Á forza, pola súa profesión hai papalaguis que case non poden brincar e que amorean graxa nas partes máis baixas dos seus cadrís, coma os porcos.

**NEI.-** Hai papalaguis-cabeza e papalaguis-corpo

*(Entre un home con aspecto de intelectual arrastrando os pés).*

**KALITA.-** Este é un papalagui-cabeza.

**NEI.-** Aquí aparece un papalagui-corpo.

*(Entra un loitador moi forte e fachendoso gabándose dos seus músculos. O intelectual e o loitador póñense fronte a fronte e óllanse con desconfianza. Despois comeza cada un a exercer a súa profesión).*

**KALITA.-** *(Sinalando ó loitador)* A profesión deste é corporal.

**NEI.-** Esoutro adícase a dar conferencias. É dicir, a contar aos demais unha idea, normalmente a mesma, en diferentes lugares, por unha cantidade bastante grosa de papel rudo.

**KALITA.-** Este gaña diñeiro por pegar a outro que non é o seu enemigo de verdade e ao que non debe nunca chegar a matar.

**NEI.-** Este nunca lle bateu a ninguén.

**KALITA.-** Este ten a voz grave coma un oso. Anda, latrica.

*(O loitador emite sons con potencia).*

**NEI.-** A este pegáronlle algunha vez.

**KALITA.-** Este podería colleitar bananas sen cansar.

**NEI.-** Este tamén.

**KALITA.-** *(Dubidando).* Non sei... Non creo. *(Sinala ó loitador).* A min gústame este tipo.

*(Ri timidamente)*

**NEI.-** A min estes parécenme máis cativadores.

## AMAS DE CHOZA

**NEI.-** Para nós un ser humano non é soamente unha man, ou un pé, ou unha cabeza, senón que é todo xunto. Porque unicamente cando todos os sentidos e todos os membros traballan xuntos pode o corazón dunha persoa ser feliz. Por iso á maioría dos papalaguis non lles gusta a súa profesión. Pero ás que menos lles gusta é ás mulleres papalaguis chamadas “amas de choza”. O seu traballo consiste en estar metidas na choza, e limpar e colocar sen parar

a cantidade de cousas que os papalaguis coleccionan para sentirse ben. Eu non entendía por que era peor limpar e colocar continuamente a choza que, por exemplo, meter papeis nunha das súas máquinas, ata que me contaron que a diferenza é que ás mulleres que limpan a súa propia choza non lles da ninguén metal redondo nin papel forte como no resto das profesións. Por iso, en xeral, as mulleres gastan do papel forte da profesión do seu amigo ou esposo, que cando se anoxa con ela lémbrolla moi alporizado.

Cando algunha muller quere conseguir o seu propio papel forte pode facelo e saír da súa choza a realizar outra profesión coa condición de que á volta limpe e coloque sen parar a cantidade de obxectos que os papalaxes gardan para sentirse ben. Por iso, a muller papalagui perdeu a luz dos seus ollos e a forza do seu sorriso, porque non só ten unha profesión senón dúas. Isto tamén levou aos papalaguis a unha guerra.

## DROGAS

**KUAVI.-** Si, a miña benquerida tribo, á guerra máis absurda que coñecín: a dos homes contra das mulleres e, claro, das mulleres contra dos homes.

Moi poucos papalaguis están ben cos seus corpos ata o punto de que os papalaguis ricos en papel forte, cambian o nariz, a boca, os ollos... Os pobres, en troques, utilizan outras cousas para esquecer. Bueno, non sei se é para esquecer ou para soñar. Isto é algo que tampouco entendín ben. Son substancias ou especies de sementes tratadas polas súas mans e que eles chaman “drogas”...

**KUAVI.-** Isto é perigoso pois moita xente nova chega a morrer con este veneno. Sen embargo, hai outras formas de esquecer ou... de soñar, non sei, que se poden facer...

## O CONCURSO

*(Unha caixa baleira pola que asoma a cabeza do locutor).*

*(Unha muller madura fronte ó televisor).*

**LOCUTOR.-** Si, señora, si, con só adiviñar o prezo do produto o premio será seu. ¿Preparada? *(A señora excitada asente)* Pois... ¡A xogar! *(Colle un coche de xoguete)* ¡Moi ben! ¡O coche é seu! *(Entrégallo a través da pantalla)* ¡Xa pode vostede percorrer o mundo! ¡Parabéns!

**SEÑORA.-** ¡Ai meu deus, vaime dar algo...!

**LOCUTOR.-** Pois aínda hai máis agasallos. ¡Un apartamento na praia! *(Ensínallo).* ¡Apartamento en Torredomar, trescentos cinco metros cadrados, xardín, piscina, tenis, ximnasio, sauna, etc... Señora, dígame o seu prezo exacto, imparcial e razoable.

**SEÑORA.-** (*Nerviosísima*). Trescentos millóns catrocentas vintecinco mil cento catorce.

**LOCUTOR.-** (*Sacando o sobre*). A ver... ¡Formidable! ¡Acertou vostede! Teña. (*Dalle o apartamento con todo*). ¡Xa pode vostede asomarse pola ventá e ver o mar!

**SEÑORA.-** Gracias, gracias... Non sei que dicir...

**LOCUTOR.-** Pois aquí non remata todo. O último premio é moi especial. Un momento. (*Desaparece da pantalla e volve cun cartel pendurado do pescozo*). Aquí está. Locutor de televisión de primeira clase, loiro, un noventa de estatura, oitenta quilos de peso, culto e con certificado de non posuír a sida, nin padecer exaculación precoz. Señora, dígame vostede o meu prezo xusto.

**SEÑORA.-** (*A punto do infarto*). Todo o ouro do mundo.

**LOCUTOR.-** (*Mira o cartel*). ¡Si, señora, tamén atinou vostede! Pode tomarme.

(*A muller achégase á pantalla do televisor e bica ó locutor apaixonadamente. Escóitase en off ó home da muller*).

**HOME.-** ¿Que fas, Maruxa? Muller, a ver se che vai dar un formigo.

(*Apágase o televisor. O locutor esváese*).

**HOME.-** ¿E a cea?

(*A señora Maruxa asente e vaise correndo á cociña*).

## CINE

**NAZIN.-** É tanta a necesidade que os papalaguis teñen de soñar, que construíron uns misteriosos lugares para facelo. Estes son os locais de falsa vida. Chámanlle cine. Conseguiron esta milagre coas súas máquinas e así poden ver moi preto o sangue e a dor, a morte e a beleza. Si, irmáns, alí aparecen os homes e mulleres máis malvados. E tamén os mellores e fermosos. Véselles disparar, correr, berrar, e asemade facer o amor ou lavar os seus corpos na intimidade das súas chozas. Pero mentres ven todo isto, os papalaguis fican sentados. Non se poñen carraxentos ou alporizados. Non sacan a cara polo feble nin para deter ao traidor. Viven todo na súa cabeza. Viven o que se cadra non sexan quen nunca xamais de vivir de verdade, co seu corpo e o seu corazón.



## SOIDADE

**KUAVI.-** Isto é. Os papalaxes baten as súas mans con máis ou menos forza para dar a súa opinión: máis rápido e forte se lles gustou moito e máis engorde e feble se lles gustou pouco. Este é o movemento máis grande que sae do seu corpo sentado. Tampouco o celebran entre eles, non se bican nin se apertan os uns aos outros. E, cando todo remata, volven sentirse sós. Si, meus fillos do sol, porque aínda que os papalaxes viven amoreados en caixas de pedra, aínda que ás veces camiñan empurrándose polas fendas, os papalaxes, moitos papalaxes, séntense sós. Cando un de nós quere estar só, non ten máis que afastarse e ninguén o perseguirá. Pero cando quere estar cos seus irmáns achégase a eles e xa abonda. Cos papalaxes non ocorre o mesmo.

## NO PARQUE

*(Nun banco está sentado un home. Kuavi chega, senta enfronte e mírao. O home, amolado, abre o seu xornal e pono diante da cara. Kuavi séguese mirando. O home comeza a inqueda, olla a Kuavi que lle sorri. O papalaxe xira tentando darlle as costas, ó cabo volve ollar a Kuavi que agora lle sorri abertamente).*

**HOME.-** ¿Qué queres? Non te coñezo.

**KUAVI.-** *(Enxenuo)* Non quero nada.

**HOME.-** Entón, ¿por qué me sorrís?

**KUAVI.-** A túa fasquía é agradable...

**HOME.-** Non, non te confundas comigo. Non son o que pensas. ¡Eu son moi home!

**KUAVI.-** Seino, o teu corpo é forte coma o meu.

**HOME.-** ¡Non me gusta o teu corpo!

**KUAVI.-** Síntoo. *(Mírase).*

**HOME.-** Non me gustan os homes

**KUAVI.-** ¿Por que te inquedas? Non vou tocar o teu corpo. *(Érguese. O papalagui tamén).* Eu soamente quería...

**HOME.-** *(Asustado).* Non te achegues... está ben, está ben... Toma. *(Dalle a carteira, o reloxo, o anel a cazadora...)* Lévaos todo e déixame en paz.

**KUAVI.-** Non, gracias. Son moitos agasallos para min.

**HOME.-** *(Que non escoita nada).* ¡Non saques a navalla! Lévaolo todo ou chamo á policía. *(Berrando).* ¡Policía! ¡Policía! ¡Policía!

**KUAVI.-** *(Ledo, ofrécelle un cigarro).* ¿Queres unha caniña fumeante?

**HOME.-** *(Berrando máis forte).* ¡AHHHHHHH! ¿Qué queres de min? ¡Policía!

*(Chega unha muller policía)*

**M. POLICÍA.-** ¿Qué ocorre aquí?

**HOME.-** Este home non deixa de sorrir.

**M. POLICÍA.-** ¿Non o coñece?

**HOME.-** Non, axente.

**M. POLICÍA.-** ¿Tentou roubarlle?

**HOME.-** Non, axente.

**M. POLICÍA.-** Abusou de vostede?

**HOME.-** Non, axente, tan só sorri, sorri... *(Olla a Kuavi desesperado)* Míreo, sorri aínda.

**M. POLICÍA.-** *(A Kuavi).* ¡Arriba as mans! *(Cachéao. Kuavi ri das cóxegas. A muller policía espósao).* ¡Veña comigo!

**KUAVI.-** *(Camiñando a carón da muller policía)* ¿A onde imos?

**M. POLICÍA.-** ¡Non faga preguntas! ¡Non se resita!

**KUAVI.-** *(Mentres saen)* É vostede moi fermosa, se quere que a colla da man sería mellor que me quitase os aros...

*O home fica só. Retoma o xornal.*

**HOME.-** ¡Uf, que susto! Non pode un estar tranquilo en ningures.

## XORNAIS

**KALITA.-** Outra das paixóns dos papalaxes son os papeis dobrados. (*Achégalle o xornal do home do parque. Kalita amósao mentres vai explicando*) Mirade, isto é unha esteira de “tapa delgada”, branca e dobrada. Partida pola metade, e dobrada outra vez, estreitamente cuberta de escrita por todas partes. Os papalaguis chaman a isto xornal. No interior destes papeis está agochada a sabedoría dos papalaguis. Aquí está todo o que os grandes xefes e oradores dixeron nos seus foros. Todo coidadosamente anotado, tamén as parvadas. Queren estar sempre informados. Por exemplo...Muller asasinado polo seu home...

(*Adaptar ás noticias do día*).

## DÚAS AMIGAS

**AMIGA UN.-** ¿Qué che parece o do tipo ese que matou a súa muller na esteira?

**AMIGA DOUS.-** Zoscoulle tres labazadas no cranio.

**AMIGA UN.-** E despois apertoulle o pescozo coas mans ata que ela sacou a lingua.

**AMIGA DOUS.-** Entón traboulle a lingua e arrincoulle un grande anaco...

**AMIGA UN.-** E acabou sacándolle o ollo esquerdo. ¡Que salvaxe!

## PENSAR MOITO

**KUAVI.-** Os papeis serven tamén para reproducir os moitos pensamentos. ¿Cómo volo explicaría eu? (*Pausa*). Os papalaguis practican o “pensar moito” para chegar ao coñecemento e dese xeito NON SER PAMPOS.

**PENSADOR.-** A miña choza é máis pequena que a palmeira.  
A palmeira ladéase co vento.  
O vento xúntase á treboada.  
A treboada bate a miña choza.  
Esta é a cuestión.

**KUAVI.-** Tamén pensan moito sobre eles mesmos.

**PENSADOR.-** Eu son un home.  
Son pequeno.  
Meu corazón alédase cando vexo unha moza.  
¿Por que non ollan para min as mozas?  
¿Por que son un home feo?  
¿Por que foi tan inxusto Deus comigo?  
¿Por que non me conformo?  
¡Oh, dilema!

**KUAVI.-** Para os papalaxes pensar converteuse nun costume e tan só despois de moitas dificultades, logran parar uns intres as súas cabezas aceleradas. Abofé, a miúdo viven unicamente coa súa cabeza, mentres o resto do corpo fica profundamente durmido. Os papalaguis son así.

*(Comezan a cantar a canción cun sentido destructivo).*

O papalagui é coma un peixe,  
Un paxaro, un verme e un cabalo.  
Cava túneles sobe montañas  
E escorrega a través do aire.

(Estríbillo)

Todo o pode facer coa súa moca,  
Moca máxica, moca máxica.  
Todo o pode imaxinar co seu coco.  
Coco fantástico, coco fantástico.

Toma o lóstrego salvaxe,  
O lume ardente e as augas do mar.  
Deixan atrás ao vento, tocan a lúa,  
Ven na escuridade.

(Estríbillo)

Todo o pode facer coa súa moca,  
Moca máxica, moca máxica.  
Todo o pode imaxinar co seu coco.  
Coco fantástico, coco fantástico.

**KUAVI.-** E aínda que teñen moito medo á morte si inventaron máquinas para matar. Para matar a moitos á vez, a multitudes de seres humanos cun só xesto. Botando dende as súas ás de lume bolas da gran morte. É así, meus fillos do sol. Mesmo algunhas desas bolas son silenciosas, para acabar con todo o vivo sen loita nin sangue.

**NEI.-** *(Achégandose a Kuavi)* O amigo meu papalagui, díxome que iso nunca ocorrerá. Nunca.

**KUAVI.-** Iso ninguén o sabe, querida Nei.

**NEI.-** *(Con cara de namorada).* El si, meu amigo tamén sabe moito, coma ti. Ensinoume cantidades de *(Ri timidamente)* “refráns” e amaba a paz, e... sempre sorría.

*(Comezan a cantar a mesma canción con outro sentido - fantástico- )*

O papalagui é coma un peixe,  
Un paxaro, un verme e un cabalo.  
Cava túneles sobe montañas  
E escorrega a través do aire.

*(Estribillo)*

Todo o pode facer coa súa moca,  
Moca máxica, moca máxica.  
Todo o pode imaxinar co seu coco.  
Coco fantástico, coco fantástico.

Toma o lóstrego salvaxe,  
O lume ardente e as augas do mar.  
Deixan atrás ao vento, tocan a lúa,  
Ven na escuridade.

*(Estribillo)*

Todo o pode facer coa súa moca,  
Moca máxica, moca máxica.  
Todo o pode imaxinar co seu coco.  
Coco fantástico, coco fantástico.

**KUAVI.-** Meus benqueridos fillos do sol, se vos tivesemos que contar todo o que vimos na nosa viaxe polo mundo civilizado, teríamos que falar da mañá ata a noite e aínda así a verdade non sería completa; porque a vida dos papalaguis é coma un océano e nós non somos quen de descubrir o seu principio e o seu fin. Ten tantas ondas coma as grandes augas, tempestea e axítase e, como di Nei, ri e soña. Do mesmo modo que non se pode baleirar o mar, nós non podemos levar ese mundo estraño ata vós, pero agora que xa sabedes algo, quero que volvades ás vosas chozas e reflexionedes sobre o que vistes e oístes. Mañán, no solpor, atoparémonos de novo neste lugar. Porque quero que sexades vós, meus fillos do sol, os que decidades se habemos compartir a nosa illa amarela cos seus bens, a nosa froita coas súas máquinas, o noso sol co seu fondo pensamento. Os papalaguis esperan a nosa resposta. E agora, que a lúa vos acompañe. Boa e cálida noite para todos.

*(Comezan a soar os tambores).*

*(A tribo despídese de Kuavi coas súas cancións, os seus bailes, a súa ledicia. Ata que de vagar vanse retirando cara ás súas chozas).*

**FIN**

## TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Dorotea Bárcena:** “*Mullieribus*” (nº 10)
- Rafael Dieste:** “*Revelación e Rebelión do Teatro. Misterio polémico -sobre Gordon Craig- nunha xornada*” (nº 11)
- Jenaro Mariñas del Valle:** “*A gaiola*” (nº 12)
- Fernando Osorio do Campo:** “*Desourentación*” (nº 13)
- Vicente Montoto:** “*Ourense empalme*” (nº 14)
- Alfonso Armada:** “*Carminha xogando*” Traducción: M<sup>a</sup> Lourdes Vega Alonso (nº 15)
- Juan Mayorga:** “*Lexión*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- José Ramón Fernández:** “*Mariana*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- Manuel Forcadela:** “*Santiago, Santiago*” (nº 17)
- Xosé Manuel Pazos:** “*María Soliña*”, “*Crónica de Pantagruel*” (nº 18)
- Bertolt Brecht:** “*Pequeno Organon*”, Traducción: María Vázquez (nº 19)
- Asja Srnec:** “*As vodas mortas*”, Versión ao galego: Pedro P. Riobó (nº 20)
- Iztziar Pascual:** “*Holliday Aut. Postal de amor*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 21)
- Raúl Dans:** “*Foreber*” (nº 22)
- Salvador del Rio, Pedro P. Riobó, Marcos Vieitez:** “*Belérian*” (nº 23)
- Yolanda Pallín:** “*Memoria*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 24)
- Euloxio R. Ruibal:** “*Luscofusco*” Drama monofásico (nº 25)
- Elena Cánovas, Rubén Cobos, Juan Carlos Talavera:** “*A Balada do Cárcere de Circe*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 26)
- Xesús Pisón:** “*Venus podre*”, “*Título*”, “*Animal vacío*”, “*Home e muller preñada*”, “*O gran soño*”, e “*Arañeira*” (nº 27)
- Jerónimo López Mozo:** “*Guernica*”, Traducción: D. Cortezón (nº 28)
- Luisa Villalta:** “*Os dóces anos da guerra*” (nº 29)
- Xosé Vázquez Pintor:** “*A sombra da memoria*” (nº 30)
- Iztziar Pascual:** “*As voces de Penélope*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela (nº 31)
- Iván Caloto:** “*¡Sssh!*” **Patricia Piñeiro:** “*Silencios de Guerra*” (nº 32)
- Roberto Vidal Bolaño:** “*Memoria de mortos e ausentes*” (nº 33-34). Ed.: Pedro P. Riobó
- Jacques Prévert:** “*Entradas e saídas*”, “*A familia todosaconchegados*”, Traducción: Henrique Harguindey (nº 35)
- Lino Braxe:** “*Campo Sur*” (nº 36)
- Ignacio García May:** “*Os vivos e os mortos*” (nº 37). Traducción: Xosé M. Pazos Varela
- Constantino Rábade:** “*Cibernautas*” (nº 38)
- Vanesa Martínez Sotelo:** “*Azotea*” (nº 39)
- Benxamín Rocha Coladas:** “*Unha chea de anos e un día*” (nº 40)
- Ernesto Caballero:** “*Terra polo medio*” (nº 41)
- Belén Roca:** “*Os Facedores de Bonecas*” (nº 42)
- Michel Azama:** “*Zoo Nocturno*” (nº 43)